

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 10 DE XANEIRO DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de xaneiro de dous mil once a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 3 de xaneiro do dous mil once (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Dona M^a Teresa Gomez Suarez, con data RE 16 de decembro de 2010 N^o RE 7020, onde solicita se lle amplie o seu contrato laboral como limpadora na Casa da Cultura.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda acceder ao solicitado quedando pendiente de concrección co concelleiro de servizos a data de remate.

2. Escrito da Asociacion Union de Minusvalidos de Asturias, con data RE 4 de xaneiro de 2011 N^o RE 32, onde solicita permiso para o ofrecemento de axendas con horoscopo para o ano 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda remitir a documentación a policia local aos efectos de comprobar se cumpren os requisitos legais como asociación.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sala do Contencioso-Administrativo Sección 002, A Coruña, en relación ao procedemento ordinario 4931/2002, con data RE 10 de xaneiro de 2011 N° RE 74, relativo a pago de cantidade adeudada principal máis intereses no prazo de dez días.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos asistentes realizar as actuacións necesarias para o pago da débeda, remitindo o departamento de intervención o expediente para o estudo das posibilidades de proceder ao pago.

2. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, Servizo de Relacións Laborais, con data RE 10 de xaneiro de 2011 N° RE 73, relativo a eleccións a representantes dos traballadores na empresa, aviso previo de celebración de eleccións.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda remitir a documentación solicitada.

3. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, con data RE 3 de xaneiro de 2011 N° RE 7, en relación co acordo de aprobación do convenio marco para a concesión de subvencións da Deputación Provincial de Ourense a concellos e mancomunidades para a contratación de choferes de máquinas desbrozadoras durante o ano 2011.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos asistentes adherirse ao convenio, facultando ao Alcalde para a sinatura do mesmo.

4. Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, con data RE 27 de decembro de 2010 N° RE 7135, relativo a expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante un pozo, denominado "Ferreiros".
5. Escrito de Telefonía, con data RE 10 de xaneiro de 2011 N° RE 80, onde solicita a correspondente autorización para proceder ao desmontaxe do móbil cuxa ubicación é A-7454 BO SAN PAIO 3.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda autorizar o solicitado sempre que a retirada da cabina non supoña ningún menoscabo para a vía pública na que está instalada e se deixe o espazo na mesma situación na que se atopaba antes da súa montaxe.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

NOMEAMENTO DE ABOGADO.-

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes nomear como letrado no procedemento monitorio nº 571/2010 sobre outras materias, ante o Xulgado 1ª

Instancia e Instrucción nº1 de Ribadavia a Don Ángel Pazos Huete, e como procurador a Don Alberto Pérez Rivas..

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes nomear como letrado no procedemento monitorio nº 572/2010 sobre outras materias, ante o Xulgado 1ª Instancia e Instrucción nº1 de Ribadavia a Don Ángel Pazos Huete, e como procurador a Don Alberto Pérez Rivas.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.